



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º .....

34

Serie A N.º 1483577

**SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA**  
**28 - SETEMBRO - 2007**

**ORDE DO DÍA**

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN.
- 2.- DAR CONTA DE EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO (11/07, 12/07, 13/07, 14/07, 15/07, 16/07, 17/07, 18/07, 19/07, 20/07, E 21/07).
- 3.- ADOPCIÓN DE ACORDOS S/ DEREITO PREFERENTE DE SUSCRIPCIÓN DE PARTICIPACIÓN NA ENTIDADE SERVICIOS FUNERARIOS TANAMAÑO, S. L.
- 4.- CORRECCIÓN DE ERROS NO DOCUMENTO DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE ÁMBITO MUNICIPAL DE REDONDELA.
- 5.- APROBACIÓN PROVISORIA, NO SEU CASO, DO ORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2007.
- 6.- ACORDOS S/ RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE GASTOS E ASIGNACIÓN INGRESOS POR ALLEAMENTO DE PARCELA.
- 7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO:
  - 7.1.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA E CONCELLEIROS DELEGADOS.
  - 7.2.- MOCIÓNS.
    - 7.2.1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR S/ DENOMINACIÓN DO PABILLÓN MUNICIPAL DE CHAPELA "PABILLÓN MUNICIPAL CICLISTA MARCOS SERRANO".-
    - 7.2.2.- MANTEMENTO DAS BEIRARRÚAS DE ALFONSO XII, XERAL RUBÍN E RIBEIRA.-
    - 7.2.3.- REVISIÓN DOS PARQUES INFANTÍS DO CONCELLO.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:**

RATIFICACIÓN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24.09.07, EN RELACIÓN COA OBRA DE "MELLORA DO TRAZADO, AMPLIACIÓN DE PLATAFORMA E REORDENACIÓN DE ACCESOS", NA ESTRADA NACIONAL 555.-

- 7.3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinteito de setembro de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO e a asistencia dos/as Sres./as Concelleiros/as: D. EDUARDO JOSÉ REGUERA OCAMPO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, D<sup>a</sup>. LAURA LAGO ALLER, D<sup>a</sup>. MARIA ALBINA REBOREDO SURIS, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA,

FERNÁNDEZ, DONA. MARIA LORENA LÓPEZ RODRÍGUEZ, D. CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, D<sup>a</sup>. LAURA ALONSO GÓMEZ, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, D<sup>a</sup>. MARÍA ANGELES BABARRO FERNÁNDEZ, D<sup>a</sup>. ROSA MARIA COSTAS ESTÉVEZ, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, e D. BENIGNO GARCÍA-LUENGO MONTERO, tamén asistiu o Sr. Interventor Xeral do Concello D. MODESTO SOLLA SANZ, actuando como Secretario Acctal., o Técnico de Administración Xeral, D. BERNARDO SOTO LÓPEZ, constitúese o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

#### INCIDENCIAS.-

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.-

A Presidencia declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.-

#### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Non se formulan observacións, e o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as seus membros presentes, sendo vinteun votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 8 do PP, 3 do BNG, e 2 do PG), acorda prestar aprobación ao acta da sesión celebrada con carácter ordinario o día 1 de agosto de 2007.-

#### 2.- DAR CONTA DE EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO (11/07, 12/07, 13/07, 14/07, 15/07, 16/07, 17/07, 18/07, 19/07, 20/07 E 21/07).-

Dada conta dos seguintes expedientes administrativos de modificación de crédito:

- 11/07, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 01.06.07, mediante xeración de crédito, por importe de 100.000,00 euros.
- 12/07, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 08.06.07, mediante xeración de crédito, por importe de 516.079,76 euros.
- 13/07, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 12.06.07, mediante xeración de crédito, por importe de 94.700,80 euros.
- 14/07, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 14.06.07, mediante transferencias de crédito, por importe de 11.000,00 euros.
- 15/07, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 15.06.07, mediante xeración de crédito, por importe de 301.863,36 euros.
- 16/07, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 16.06.07, mediante xeración de crédito, por importe de 3.216,60 euros.
- 17/07, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 31.07.07, mediante xeración de crédito, por importe de 14.996,63 euros.
- 18/07, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 08.08.07, mediante xeración de crédito, por importe de 25.000,00 euros.
- 19/07, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 07.09.07, mediante xeración de crédito, por importe de 189.141,69 euros.
- 20/07, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 10.09.07, mediante xeración de crédito, por importe de 77.922,20 euros.
- 21/07, aprobado por Decreto da Alcaldía de data 13.09.07, mediante xeración de crédito, por importe de 7.000,00 euros.

Non se formulan observacións, e o Pleno do Concello, dase por enterado dos expedientes administrativos de modificación de crédito anteriormente relacionados.-



NUMERADO  
CORRECCIONES  
LOCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º .....

95

Serie A N.º 1483578

### 3.- ADOPCIÓN DE ACORDOS S/ DEREITO PREFERENTE DE SUSCRIPCIÓN DE PARTICIPACIÓN NA ENTIDADE SERVICIOS FUNERARIOS TANAMAÑO, S. L.-

#### ANTECEDENTES.-

Dictame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do 24.09.07, que transcrito dí:

“Vista a proposta do Presidente da comisión de data 19.09.07.


Visto o informe conxunto da Secretaría e Intervención do Concello que, transcrito, dí:

“Emítase o presente en relación ao escrito presentado por D. LUIS ALFONSO PEREIRA FERNANDEZ en data 6 de xullo pasado, na súa cualidade de Presidente do Consello de Administración, no que da conta do acordo adoptado pola Xunta Xeral da entidade SERVICIOS FUNERARIOS TANAMAÑO SL o 28 de xuño de 2007.

En dito acordo tomouse a decisión, por maioría cualificada de máis dos dous tercios dos votos correspondentes ás participacións en que se atopa dividido o capital social, de *reducir a cero o capital social mediante amortización de participacións sociais para compensar perdas, aumentando de forma simultánea ao mesmo ata a cantidade de 108.234 euros, coa creación de cen participacións sociais de 1.082,34 euros cada unha por compensación de créditos.*

Tendo en conta que o Concello de Redondela conta cunha participación na citada entidade do 9 por cento, o devandito acordo entraña a obriga, para o Concello, de adoptar decisións con respecto á mesma e é precisamente sobre tal extremo que se emite o presente informe.

1. A sociedade limitada SERVICIOS FUNERARIOS TANAMAÑO SL foi constituída en data 2 de novembro de 2000 en escritura pública número 1971 ante o notario de Redondela, D. Ramón Mucientes Silva. Previamente, en acordo plenario do 11 de outubro do mesmo ano, o Concello de Redondela acordou suscribir parti cipacións sociais ata un máximo de 100.000 pesetas, o que supuña o 9% do capital social, asumindo nesa proporción a cualidade de socio da citada entidade. Con esta participación, o Concello, de conformidade co disposto no artigo 13 dos Estatutos da Sociedade, reservábase o dereito a intervir nos acordos relativos á fixación de prezos polos servicios a prestar pola sociedade, dado que debían adoptarse co voto favorable de, alomenos, o 92 % dos votos correspondentes ás participacións no capital social. Non consta que polo Concello se realizaran posteriores aportacións ao capital social.
2. De acordo co sinalado na devandita comunicación, ao crearse *ex novo* cen participacións sociais de 1.082,34 euros cadansua delas, o Concello de Redondela, para mante-la súa participación na sociedade na mesma medida que ata agora, debería desembolsar o importe correspondente a 9 desas accións, é dicir, un total de 9.741,06 euros, previa existencia de consignación presupostaria ao efecto. Caso de que o Concello de Redondela non exercite os seus dereitos e proceda a desembolsa-lo importe correspondente á adquisición das novas participacións quedaría automaticamente fora da entidade ao reducirse a cero a súa participación.
3. O acordo adoptado pola entidade en relación á redución e aumento simultáneo do capital social resulta do establecido no artigo 83 da Lei 2/1995 de 23 de marzo de sociedades de responsabilidade limitada, sen que, ao abeiro do mesmo, quepa a supresión do dereito preferente dos socios á suscripción da parte do aumento do capital que, deste xeito, lle corresponda. Tal acordo viría xustificado pola situación financeira da entidade reflexada no informe do economista-auditor do 24 de xaneiro pasado e nos informes emitidos polo Banco Pastor e a Asesoría SanJosé obrantes no expediente. Estes documentos, evidencian un estado de contas aparentemente marcado pola existencia dunha considerable carga financeira e débedas importantes ás que a entidade non está a facer fronte con regularidade. Isto con independencia de que no presente informe, por carecer de datos e non ser obxecto do mesmo, non se pon en cuestión o acordo adoptado nin a traxectoria e vicisitudes da sociedade dende a súa constitución



como procedería caso de que se estimara preciso avalia-la procedencia e legalidade do acordo adoptado e as posibilidades da súa impugnación.

4. Xa que logo, o Concello de Redondela, debe considerar a incidencia que o estado patrimonial da entidade SERVICIOS FUNERARIOS TANAMAÑÓ SL podería ter no sucesivo na situación económica financeira do Concello, ao comprometer recursos que seguramente procedería adicar a outros servizos que de conformidade co disposto no artigo 26 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local debe prestar necesariamente, non sendo ése o caso do tanatorio. Xa que logo, deberá decidir sobre a súa permanencia na sociedade, deixando este servizo en máns da iniciativa privada, ou sobre se procede a adquisición das novas participacións que lle corresponden, cousa que non abondaría para paliar de xeito definitivo aquela situación debendo afrontar previsiblemente novas aportacións no futuro.
5. A tal efecto e ao abeiro do artigo 22 1 f) da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) deberá ser o pleno do Concello, previo dictame da comisión informativa que corresponda, o que adopte a decisión ao respecto.
6. Por outra banda, caso de optar pola seu apartamento da sociedade, e en virtude da resolución adoptada pola Alcaldía en data 6 de marzo pasado, restaría subsistente a débeda que a mesma ten co Concello de Redondela, por importe de 22.735,56 euros, polos tributos correspondentes ás obras de construción do tanatorio en Mañó mailos xuros que procedan toda vez que por tratarse dun crédito tributario o mesmo é indisponible, ao abeiro do artigo 18 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria”.

Considerando que, de acordo co que antecede, se estima máis doado que polo Concello de Redondela en función do interese público e para protexer o seu estado económico-financieiro non se suscriban as participacións sociais novas que lle corresponderían.

Considerando a conveniencia de que os servizos aos que se refire o artigo 2 dos estatutos da sociedade se presten pola iniciativa privada empresarial por non tratarse, entre outras cousas, de servizos que o Concello deba prestar obrigatoriamente ao abeiro da normativa de aplicación.

Asumindo que isto supón a renuncia ao dereito preferente de suscripción das citadas participacións e a conseguinte merma total da intervención do Concello na sociedade.

Teño a ben propor á Comisión informativa de Economía, Facenda e Patrimonio que informe favorablemente a seguinte proposta de acordo do pleno do Concello:

Non suscribir as participacións que ao Concello de Redondela lle corresponderían pola súa condición de socio da sociedade limitada SERVICIOS FUNERARIOS TANAMAÑÓ SL .

#### **Votación e dictame**

A comisión informativa de facenda e patrimonio, co voto favorable dos Sres Concelleiros do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE (4), do BNG (2), e a abstención do Grupo Municipal do PP (4), e do Grupo Municipal PG (1), dictaminou favorablemente a proposta do Presidente da comisión, e na súa consecuencia propoñer ao Concello Pleno a súa aprobación.”

#### **INTERVENCIÓNS.-**

Inicia a deliberación o Sr. Bastos Fernández anunciando que o seu grupo político vaise a abster neste asunto.

A Sra. Canal Gómez solicita que o asunto quede sobre a mesa para que se realice un estudo económico'financeiro por non existir un informe adecuado.

O Sr. Alcalde dí que o asunto queda sobre a mesa.

De seguido intervén novamente a Sra. Canal Gómez e dí que lle parece curioso que fai anos o



NUMERADO  
CORPORACIONES  
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º .....

Serie A N.º 1483579

PSOE e o BNG se mostrasen contrarios á privatización dos servizos funerarios de Tanamañó e agora propoñan o apartamento do Concello desta Sociedade.

O Sr. Alcalde indica á Sra. Canal Gómez que o asunto quedou sobre a mesa, polo que non procede seguir deliberando.-

**4.- CORRECCIÓN DE ERROS NO DOCUMENTO DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE ÁMBITO MUNICIPAL DE REDONDELA.-**

**ANTECEDENTES.-**

Dictame da Comisión Informativa de Urbanismo de data 24 de setembro de 2007, que transcrito di:

**“ANTECEDENTES**

Con data 6 de novembro de 1987 aprobaronse definitivamente, por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo, as Normas Subsidiarias de Planeamento de Ámbito Municipal de Redondela, téndose publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 85 de 14 de abril de 1988.

A documentación grafiada realizouse sobre cartografía a esc 1:5000, e para os planos de detalle, a esc. 1:2000, sobre plano parcelario do Instituto Xeográfico e Catastral.

No transcurso da vixencia das devanditas Normas teñense observado reiterados erros nas parcelas grafiadas, contradicións entre os planos a escala 1:5000 e 1:2000, erros de calificación por mal grafiado das bases, ou ben contradicións entre a realidade e a documentación das normas.

Na súa virtude, e a vista dos expedientes promovidos polos particulares que logo se citan e dos informes técnicos e do técnico de administración xeral adscrito a urbanismo, favorables, obrantes nos respectivos expedientes, a comisión informativa de urbanismo, en votación ordinaria e por maioría dos seus membros presentes, sendo 6 votos a favor ( 4 do PS de G – PSOE, 2 do BNG e 5 abstencións ( 4 do PP e 1 do Partido Galeguista ), estimou oportuno dictaminalos favorablemente e en consecuencia propoñer ó Concello Pleno a corrección dos seguintes erros no documento das Normas Subsidiarias de Planeamento de Ámbito Municipal de Redondela.

**1) MODIFICACIÓN DO PARCELARIO**

**1.1).- PROPOSTA**

Proponse a corrección dos erros detectados no grafiado dos planos a escala 1:2000 sinalados e xustificados polos propietarios afectados.

**1.2).- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA**

O artigo 105.2) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, di “As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instacia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”, e por outra banda na Normativa e Ordenanzas das Normas Subsidiarias de Planeamento de Ambito Municipal, no seu artigo 11.3 establece: si se deran contradicións entre o plano e a realidade prevalecerá esta última. Polo tanto procede a modificación do plano parcelario recollendo a realidade existente.

**1.3).- CONXUNTO DE PARCELAS QUE SE PROPÓN MODIFICAR**

- **D. Andrés Marquez Lago**, parcela situada en O Cruceiro, Cedeira, por contradición entre o grafado no plano P-5 a escala 1:2000 e a realidade. De acordo coa documentación adxunta na que figura incorporado plano parcelario P-5 actual e modificado e plano de deslinde asinados polo arquitecto Fernando Sampil Sanchez, visado polo COAG con data 30.11.2006 e demais



documentación obrante no expediente

- **D<sup>a</sup> Ana María Vázquez Broullón**, parcela situada en Parada, Chapela, por contradición entre o grafado no plano P-1 a escala 1:2000 e a realidade. De acordo coa documentación adxunta na que figura incorporado plano parcelario P-1 actual e modificado asinado polo arquitecto D. Fernando Sampil Sánchez, visado polo COAG 04.07.06, plano de deslinde asinado polo mesmo técnico e aportado con data 11.05.07 e demais documentación obrante no expediente.”

#### INTERVENCIONS.-

O Sr. Bastos Fernández anuncia que o seu grupo político vaise abster neste asunto.

A Sra. López Rodríguez dí que falta no expediente o informe da Secretaria Xeral do Concello o cal é preceptivo por tratarse dun asunto referido ao planeamento urbanístico, e que no informe que obra no expediente non se indica en que suposto do artigo 105 da Lei 30/92 do 26 de novembro se encaixa a proposta que se somete a votación.

Dí que os particulares nada fixeron e que non sabe se hai algo detrás de todo isto e que votar a favor sería abrir a porta a segregacións e parcelacións ilegais.

O Sr. González Iglesias dí que o Concello non promoveu nin plantexou nada, senón que foron os particulares os que instaron a instrucción do expediente mediante a presentación do correspondente escrito acompañado da documentación que estimaron pertinente para acreditar o seu dereito á petición que formulaban, e que o expediente está documentado con informes técnicos e xurídico.

#### VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as Concelleiros/as presentes, sendo once votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 3 do B.N.G.), oito votos en contra (8 do PP) e dúas abstencións (2 do P.G.), aprobou o dictame da Comisión Informativa de Urbanismo nos antecedentes transcrito.-

### 5.- APROBACIÓN PROVISORIA, NO SEU CASO, DO ORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2007.-

#### ANTECEDENTES.-

Dictame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio de data 24 de setembro de 2007, que transcrita dí:

“Visto o expediente administrativo correspondente ao orzamento xeral do Concello de Redondela para o ano 2007.

Votación e dictame:

A Comisión informativa de facenda e patrimonio, co voto favorable dos Sres Concelleiros do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE (4), do BNG (2), a abstención do Grupo Municipal do PP (4), e o voto en contra do Grupo Municipal PG (1) emite o dictame seguinte:

Primeiro.-

Resolver (ao abeiro do disposto no artigo 217.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais) tódolos reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Redondela nun informe do día 24.09.07, referencia T 139/07.



NUMERADO  
ORACIONES  
LOCAIS



(Sinatura do Presidente)

Folio N.º .....

97

Serie A N.º 1483580

Segundo.-

Aprobar provisoriamente o orzamento xeral do Concello de Redondela para o exercicio do ano 2007, cos seguintes resumos por capítulos dos tres orzamentos intregrados no xeral:

Orzamento do Concello.

Ingresos..... 17.015.817,67 euros

Gastos..... 17.015.817,67 euros

Organismos autónomos administrativos:

Centro deportivo municipal.

Ingresos..... 107.875,94

Gastos..... 107.875,94

Conservatorio de música.

Ingresos..... 356.029,05

Gastos..... 356.029,05

Orzamento consolidado.

Ingresos..... 17.124.147,74

Gastos..... 17.124.147,74

a) Orzamento do Concello.

Ingresos

Cap	Denominación	Euros
1	Impostos directos	5.137.968,09
2	Impostos indirectos	1.200.000,00
3	Taxas e outros ingresos	2.158.857,00
4	Transferencias correntes	6.045.869,30
5	Ingresos patrimoniais	267.838,26
6	Enaxenación investimentos	850.000,00
7	Transferencias de capital	743.252,76
8	Activos financeiros	12.020,24
9	Pasivos financeiros	600.012,02
	Total ingresos	17.015.817,67

Gastos

1	Gastos de persoal	5.230.726,15
2	Gastos en bens correntes e servizos	5.850.786,99

3	Gastos financeiros	288.540,04
4	Transferencias correntes	895.801,21
6	Investimentos reais	3.169.041,16
7	Transferencias de capital	188.057,03
8	Activos financeiros	12.020,24
9	Pasivos financeiros	1.380.844,85
	<b>Total gastos</b>	<b>17.015.817,67</b>

b) Orçamento do organismo autónomo administrativo "Centro deportivo municipal".

Estado de ingresos	Euros
3.- Taxas e outros ingresos.....	
4.- Transferencias correntes.....	107.875,94
5.- Ingresos patrimoniais.....	
<b>Total ingresos</b>	<b>107.875,94</b>
Estado de gastos	Euros
1.- Gastos de persoal.....	51.323,59
2.- Gastos de bens correntes e servizos.....	53.703,74
3.- Investimentos reais.....	2.848,61
<b>Total gastos</b>	<b>107.875,94</b>

c) Orçamento do organismo autónomo administrativo "Conservatorio de música".

Estado de ingresos	Euros
3.- Taxas e outros ingresos	63.792,00
4.- Transferencias correntes	292.237,05
<b>Total ingresos</b>	<b>356.029,05</b>
Estado de gastos	Euros
1.- Gastos de persoal	324.575,75
2.- Gastos en bens correntes e de servizos	15.150,00
4.- Transferencias correntes	300,51
6.- Investimentos	16.002,79
<b>Total gastos</b>	<b>356.029,05</b>

d) Resumen do orzamento consolidado.

Ingresos	Euros	
Cap. 1	Impostos directos	5.137.968,09
Cap. 2	Impostos indirectos	1.200.000,00
Cap. 3	Taxas e outros ingresos	2.222.649,00
Cap. 4	Transferencias correntes	6.090.407,37
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	267.838,26







(Selo da Delegación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º .....

Serie A N.º 1483581

Cap. 6	Enaxenación de investimentos	850.000,00
Cap. 7	Transferencias capital	743.252,76
Cap. 8	Activos financeiros	12.020,24
Cap. 9	Pasivos financeiros	600.012,02

Total ingresos 17.124.147,74

Gastos

Cap.1	Gastos de persoal	5.606.625,49
Cap.2	Gastos bens correntes e servizos	5.919.640,73
Cap.3	Gastos financeiros	288.540,04
Cap.4	Transferencias correntes	540.256,80
Cap.6	Investimentos reais	3.187.892,56
Cap.7	Transferencias capital	188.057,03
Cap.8	Activos financeiros	12.020,24
Cap.9	Pasivos financeiros	1.380.844,85

Total gastos 17.124.147,74

Terceiro.-

Proceder á publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra de anuncio polo que se expoña ao público o expediente e acordo adoptado, facendo constar que por prazo de quince días hábiles os interesados indicados no artigo 22.1 do R.D. 500/90, do 20 de abril, poderán examinalo e formular as reclamacións ás que se refire o apartado 2 do artigo citado.

Cuarto.-

O orzamento xeral considerárase definitivamente aprobado se durante o período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, entrando en vigor previa inserción no Boletín oficial da provincia de Pontevedra dun resume por capítulos de cada un dos presupostos que o integran.

Quinto.-

Do orzamento definitivamente aprobado remitírase copia aos órganos competentes do Estado e da Xunta de Galicia.-“

INTERVENCIÓNS.-

O Sr. Bastos Fernández fai referencia ao tremendo retraso que acumula a presentación ao pleno do orzamento xeral para o exercicio de 2007, e di que traelo no mes de outubro demostra unha incapacidade para facelo antes, co conseguinte perxuízo para un correcto funcionamento do Concello.

O Sr. García-Luengo anuncia o voto en contra do Partido Galeguista por moitas razóns.

Fai referencia á escasa ambición do orzamento para este ano, cun presuposto inferior ao do ano anterior, a insuficiencia de determinadas partidas presupostarias, ao recente aumento de soldo dos políticos, aos gastos de persoal e é escasa capacidade inversora do orzamento que considera inferior ao 20% do total de gastos.

Considera necesaria máis dotación orzamentaria para moitas partidas entre as que sinala as relativas a barreiras arquitectónicas, mobiliario urbano, fontes, parques, etc., mentras que estima excesivo gasto o soldo dos concelleiros.

Fai unha crítica á tardía presentación do orzamento sen que sirva de excusa a celebración das eleccións municipais, significando que esta tardanza desvirtúa a propia natureza do orzamento.

Continuando no uso da palabra o Sr. García-Luengo dí que existen facturas sen IVE, facturas sen albaráns, créditos que carecen de factura, créditos que non indican o IVE, que non se sabe quen realiza as festas da Coca e do Choco, e que existe unha falta de control do gasto, o cal é preciso racionalizar e planificar.

Remata dicindo que a débeda é de sete millóns de euros e se non se xeneran ingresos débese reducir o gasto.

O Sr. Pazos Docampo dí que é certo que non é lóxico aprobar a 28 de setembro o orzamento do ano 2007, e que se fará un esforzo para que o correspondente ao vindeiro ano se presente en tempo e forma e que considera satisfactorio o orzamento así como os niveis de investimento que o mesmo contén, que cifra en 3 millóns de euros cunha importante partida para saneamento.

A Sra. Canal Gómez anuncia o voto en contra do seu grupo político neste asunto, e critica a tardía presentación do orzamento.

De seguido dí que non miran investimentos interesantes no orzamento, dado que tanto PSOE como BNG carecen de proxecto político e de ideas. Considera necesaria para aumentar o capítulo de ingresos que se efectúen xestións tanto en Santiago como en Madrid, e no ámbito local a creación de polígonos industriais como instrumentos xeneradores de riqueza. Critica as deficiencias nas políticas sociais e pon como exemplo que para emerxencias sociais só se teñen destinado 2.000 euros. Alude ao informe do Interventor para dicir que varios dos créditos pendentes de recoñecer poñen de manifesto irregularidades de procedemento e prácticas contrarias á normativa. Dí que non existe planificación no equipo de goberno e por iso todo o que se ingresa se malgasta. Que a pesar de ter o Concello unha subvención da Deputación para limpeza de prais o persoal destinado a esta actividade carece de material adecuado, e remata dicindo que cando o PP gobernaba si se facía xestións.

O Sr. González Iglesias dí que o orzamento pode chegar tarde pero debe ser boo porque non escoitei falar nada do presuposto. Que a Sra. Canal Gómez non dí a verdade ao referirse ás políticas sociais, por canto non samente se contemplan gastos para emerxencias sociais superiores aos indicados pola concelleira, senón tamén unha serie de partidas destinadas a programas e actividades de carácter social, e outras tamén para programas e actividades da Concellalía da Muller. Dí que existe unha partida específica para solo industrial, e que a Sra. Canal Gómez se acolle a un informe técnico sen ter argumento político ningún para atacar o orzamento.

Dí que non existe ningunha irregularidade nin prácticas contrarias á normativa e invita a calquer membro de calquer grupo político a que presente unha soa factura ilegal durante a súa xestión como responsable de Facenda.

A cerca do informe do Interventor dí que é o mesmo que ven presentado tódolos anos dende fai tempo, e seguidamente presente un documento de cando gobernaba o PP no Concello no que o Interventor municipal advirte de pagos sen xustificar, referidos a gastos de representación da Alcaldía, por importe de 200.000 das antigas pesetas.

Con respecto á intervención do Sr. García-Luengo dí que non se pode pedir máis saneamentos, máis alumados, máis parques, e en xeral máis dotación presupostaria e non dicir de onde se sacarían os ingresos necesarios.

Sobre a débeda dí que é un asunto rematado, o PP ven dicindo o mesmo dende hai moitos anos, pero o certo é que o tráfico comercial é excelente, proba clara e manifesta da saúde da economía local.

O Sr. García-Luengo dí que os incrementos nas aportacións no capítulo de ingresos deben de proceder da correcta aplicación do IVE e IAE, sendo necesario aprobalo PXOM por canto constitúe unha fonte xeneradora de ingresos, e con respecto aos créditos que aínda que teñan baixo interés outros concellos non os teñen, polo tanto hai que melloralos. Remata aludindo á necesidade de que os partidos políticos dispoñan de locais para desenvolver as actividades municipais e fai referencia a unha norma respecto a esta materia.

O Sr. Pazos Docampo dí que o único que entende das intervencións do PP e máis do PG é que van



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º .....

Serie A N.º 1483582

votar en contra; que o saneamento está ao 80% do seu grado de execución e que estará rematado no prazo de 4 anos. Que existe fluida relación nas xestións con outras administracións, e que para a limpeza de praias non é certo que falte material senón que hai máis que nunca.

Califica de pouca entidade os argumentos da oposición e dí que se non están de acordo co orzamento que debatan as partidas que o compoñen e ofrezan alternativas e non se limiten a criticar unha partida de 2.000 euros para emerxencia social cun orzamento que supera os 17 millóns de euros.

A Sra. Canal Gómez da lectura a unha serie de partidas presupostarias que considera insuficientemente dotadas a outras ás que considera excesivas como son as referidas ás retribucións da Alcaldía, a actuacións protocolarias, a gastos de concelleiros, etc., e sinala que o Sr. Pazos Docampo tivo que pedirlle disculpas por unhas manifestacións que este concelleiro fixo no seu día.

Continúa dicindo que segundo o informe de Intervención existen facturas que carecen do IVE ou do tipo impositivo aplicable así como créditos sen factura.

Considera que o orzamento non ten futuro por canto non figuran no mesmo partidas para proxectos que o PSOE ven prometendo no seu programa político dende fai tempo, tales como a piscina de Chapela, o centro de día de Redondela ou a gardería pública de Chapela.

O Sr. Pazos Docampo dí que nunca tivo que pedir disculpas por nada á Sra. Canal Gómez, está dí que están publicadas e que se poden apartar e o Sr. Alcalde solicita que conste en acta que a Sra. Canal Gómez se compromete a facilitar a fotocopia da publicación na que o Sr. Pazos Docampo lle ten pedido disculpas por unhas manifestacións por este efectuadas.

O Sr. González Iglesias dí que somente en obras de saneamento se teñen investido máis de 10 millóns en 2 anos, fai referencia a numerosas partidas presupostarias destacando os importes consignados para saneamentos, vías públicas, obras en edificios municipais, etc. Dí que é unha sinvergüencería política que os grupos da oposición pidan públicamente locais e sen embargo non digan o que cobran cada un deles para o seu funcionamento. Indica que para que un partido político poida levar a cabo plenamente o seu programa político precisa de maioría absoluta, xa que de non ser así é necesario adaptalo programa para facilitala gobernación.

Remata reiterando que non se pagou nin unha soa factura ilegal durante os seus distintos periodos de concelleiro de Facenda.

**VOTACIÓN E ACORDO.-**

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as Concelleiros/as presentes, sendo once votos a favor (8 do PSdeG-PSOE e 3 do B.N.G.) e dez votos en contra (8 do PP e 2 do PG), aprobou o dictame da Comisión de Facenda e Patrimonio nos antecedentes transcrito.-

**6.- ACORDOS S/ RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE GASTOS E ASIGNACIÓN INGRESOS POR ALLEAMENTO DE PARCELA.-**

**ANTECEDENTES.-**

Dictame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio de data 24 de setembro de 2007, que transcrito dí:

“Vista a resolución da Alcaldía de data 27.08.07, que transcrita di:

Vistos os gastos realizados na construción e no equipamento do Centro antena interparroquial de Redondela; gastos pendentes de contabilización e pago por importe total de 17.064,17 euros.



Tendo en conta que do investimento total previsto (77.608,45 euros), un total de 60.534,60 euros contan con financiamento afectado procedente a Comisión das Comunidades Europeas (ao traves do Proder II), da administración do Estado ao través do MAPA, de AGADER e da Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo.

Tendo en conta que para percibir os fondos subvencionados o Concello de Redondela deberá acreditar, de inmediato, o pago de tódolos gastos subvencionados.

Coa exclusiva finalidade de non causar un quebrante económico ao Concello de Redondela e sen prexuízo do preceptivo acordo plenario posterior referido ao recoñecemento extraxudicial dos gastos antes indicados, así como da tramitación do correspondente expediente de modificación de crédito, esta Alcaldía acorda:

**Primeiro.-**

Ordenar, previa resolución dos reparos formulados polo Interventor Xeral neste Concello nun informe do día 27.07.07 (referencia T 123/07), o pago inmediato das seguintes facturas, aplicando transitoriamente o gasto e os pagos a realizar a Apagos pendentes de aplicación@ na contabilidade non orzamentaria do Concello de Redondela:

Número de factura	Data da factura	Expedidor	Euros
329/07	12.06.07	Setinor, S.A.L.	307,63
16	12.06.07	Manuel Darriba Acuña	5.021,64
4/2007	21.05.07	Juan José Darriva Rivera	5.213,89
030/2006	29.12.06	Construc.Burgo e Nuñez.S.L.	6.521,01"

**Votación e dictame:**

A Comisión informativa de facenda e patrimonio, co voto favorable dos Sres Concelleiros do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE (4), do BNG (2), e a abstención do Grupo Municipal do PP (4), e do Grupo Municipal PG (1) emite o dictame seguinte:

Propoñer ao Concello de Redondela, na primeira sesión que celebre a partir desta data, o recoñecemento extraxudicial dos gastos indicados no apartado anterior, previa resolución expresa dos reparos formulados polo Interventor no informe antes indicado; así como a asignación de 17.064,17 euros procedentes de parte da enaxenación dunha parcela do patrimonio municipal do solo situada na rúa Eidos (segundo acordo da Xunta de Goberno Local, do día 05.02.07), efectuando o preceptivo expediente administrativo de modificación de crédito mediante xeración de crédito polo importe indicado destinado á construción e ao equipamento do centro antenna interparroquial de Redondela.-“

**VOTACIÓN E ACORDO.-**

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as Concelleiros/as presentes, sendo once votos a favor (8 do PsdeG-PSOE e 3 do B.N.G.), e dez abstencións (8 do PP e 2 do PG), aprobou o dictame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio nos antecedentes transcrito.-

**7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO:**

NUMERADO  
OPERACIONES  
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º .....

Serie A N.º 1483583

**7.1.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLEIROS DELEGADOS.-**

O Concello Pleno dase por enterado do contido das Resolucións da Alcaldía e dos Concelleiros Delegados dende o día 28 de xullo ó 25 de setembro de 2007.-

**7.2.- MOCIÓNS.-****7.2.1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR S/ DENOMINACIÓN DO PABILLÓN MUNICIPAL DE CHAPELA "PABILLÓN MUNICIPAL CICLISTA MARCOS SERRANO".-****ANTECEDENTES.-**

Moción do Grupo Municipal do Partido Popular de data 20 de setembro de 2007, que transcrita dí:

"Primeiro.- MARCOS SERRANO RODRÍGUEZ, ciclista Profesional, naceu en Chapela-Redondela, o 8 de setembro de 1972, escomenzando a súa carreira profesional no ano 1993 no equipo Kelme, e posteriormente militou en outros tales como a Once, Liberty seguros, Astana e actualmente no Karpin Galicia.

No seu palmarés figuran existos profesionais tales como:

- Primeiro na subida ós Portos de Guadarrama no 1998.
- Primeiro na Volta a Galicia na súa edición de 1999.
- Primeiro na Volta a Castela-León, no ano 2001.
- Primeiro na Clásica Milán-Turín, no ano 2004.
- Gañador dunha etapa do Tour de Francia no ano 2005.
- Así como destacadas actuacións nas voltas ciclistas a España, Tour de Francia e Xiro de Italia.

Segundo.- Non cabe dúbida, que éste deportista leva o nome de Redondela e da súa parroquia-Chapela, por moitos lugares de Galicia, España e internacionalmente.

Por iso, entendemos, que sería apropiado que algunha instalación deportiva deste Pobo ou da súa parroquia, levase o seu nome, oque sería unha forma de premiar ou recoñecer por éste Concello a súa longa traxectoria profesional.

Por todo o anterior, este Concelleiro e Grupo Municipal do Partido Popular de Redondela, ven de propoñer ó Pleno do Concello, a adopción do seguinte ACORDO:

Que, o Pabillón Municipal de Chapela, sexa denominado "Pabillón Municipal Ciclista Marcos Serrano", facendo constar tal denominación na fachada do mesmo."

**INTERVENCIONS.-**

O Sr. Alcalde dí que se retira a presente moción da Orde do Día para os efectos de sometela a estudo do Consello de Deportes e a dictame da Comisión Informativa de Deportes.

A Sra. Canal Gómez dí que a Comisión Informativa sí, pero ao Consello de Deportes non porque non quere que a moción de corenta mil voltas.

O Sr. Alcalde reitera a necesidade de someter a moción ao Consello de Deportes por canto nel están representados todos os estamentos deportivos do municipio, polo tanto dí que retira a presente moción da Orde do Día coa finalidade de que se pronuncie sobre a mesma o Consello de Deportes e de seguido se dictame pola Comisión Informativa de Deportes.



### 7.2.2.- MANTEMENTO DAS BEIRRARRÚAS DE ALFONSO XII, XERAL RUBÍN E RIBEIRA.-

#### ANTECEDENTES.-

Dada conta da Moción do Grupo Municipal do Partido Popular de data 20 de setembro de 2007, que transcrita di:

“Primeiro.- Á vista del lamentable estado en que se encuentran las beirarrúas de pedra sitas nas rúas Alfonso XII, General Rubín e Ribeira, as que incluso antes da súa inauguración oficial presentan innumerables restos de aceites de motor, marcas de neumáticos, xardiñeiras en mal estado e suciedade en xeral, e tendo en conta o custe que as mesmas supuxeron fondos públicos e considerando que o obxectivo final de ditas obras era a mellora ornamental do centro urbano da vila, obxectivo que no momento actual se encontra lonxe de ser cumprido.

Segundo.- Considerando ademáis as queixas manifestadas polos empresarios redondeláns a teor da ubicación e impacto visual dos contenedores de recollida do lixo, que están causando un grave perxuízo ós mesmos, xa que ocultan os establecementos e escaparates ubicados na zona, **PROPOÑO**

ÚNICO.- Que polo goberno municipal se tomen as medidas oportunas a fin de proceder inmediatamente á limpeza de ditas beirarrúas, crear un plan específico do mantemento das mesmas, así como reducir o impacto visual dos contenedores do lixo no entorno de ditas rúas.”

#### INTERVENCIÓNS.-

O Sr. Alcalde di que este escrito que o PP presenta como moción non reúne o requisito sustancial destas, por canto non se propón ao Pleno do Concello a adopción de acordo, polo tanto debe ser tratado como rogo no correspondente apartado da Orde do Día.

O Sr. Pazos Couñago discrepa da interpretación do Sr. Alcalde e di que non debe aterse á literalidade do proponendo.

O Sr. Alcalde reafirmase na súa decisión.-

### 7.2.3.- REVISIÓN DOS PARQUES INFANTÍS DO CONCELLO.-

#### ANTECEDENTES.-

Moción do Grupo Municipal do Partido Popular dedata 21 de setembro de 2007, que transcrita di:

“Despois dunha exhaustiva revisión visual dos parques infantís do Concello, este grupo municipal atopouse con que case a totalidade deles están nun lamentable estado de conservación e que, en moitos casos, non cumpren co Decreto 245/2003, do 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.

Tendo especial consideración os puntos seguintes:

1º.- A seguridade dos nenos/as.

2º.- O aspecto visual-estético dos parques, cara a imaxen que reflexa o Concello.





(Sinatura do Presidente)

Folio N.º .....

101

Serie A N.º 1483584

3º.- As responsabilidades que se poden derivar dun accidente por negligencia, mal estado de conservación e enfermidades derivadas da insalubridade das instalacións.

4º.- Que este grupo de goberno non quere ser cómplice pasivo da falta de xestión ó respecto do citado nos puntos anteriores.

E tendo en conta as obrigas dos titulares de parques infantís, neste caso o Concello, en canto a que o vindeiro mes de maio de 2008 remata o periodo de adecuación ás disposicións previstas neste Decreto, PROPOÑO:

Que se acorde un orzamento especial para o arranxo e adecuación da totalidade dos parques infantís que ten a día de hoxe o Concello, coa finalidade de mellorar a seguridade, a inamxe das parroquias e do propio Concello, e ao mesmo tempo todos poidamos disfrutar duns espazos axeitados ós tempos que corren.”

#### INTERVENCIÓNS.-

O Sr. Alvarez Ballesteros defende a moción e dí que ten por finalidade o arranxo e adecuación dos parques infantís para evitar situacións perigosas e ó propio tempo que estes se atopen en perfectas condicións para o seu uso e disfrute.

O Sr. Bastos Fernández dí que apoian a moción e pide o cese do Sr. Pazos Docampo pola súa incompetencia ao fronte desta área.

O Sr. Pazos Docampo dí que comparte parte do exposto na moción, pero que o problema radica no diñeiro; que os parque están adaptados á normativa europea, e que os mesmos se deterioran, e que si ben existen partidas presupostarias para mobiliario nunca resultan suficientes.

#### VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometida a Moción a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as presentes, sendo vinteun votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 8 do PP, 3 do B.N.G. e 2 do P.G.), aprobou a moción do grupo municipal do PP nos antecedentes transcrita.-

#### ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

Previa declaración de urxencia acordada en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as, o Concello Pleno tratou o seguinte asunto:

#### RATIFICACIÓN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24.09.07, EN RELACIÓN COA OBRA DE “MELLORA DO TRAZADO, AMPLIACIÓN DE PLATAFORMA E REORDENACIÓN DE ACCESOS”, NA ESTRADA NACIONAL 555.-

##### ANTECEDENTES.-

Acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de setembro de 2007, que transcrito dí:

##### “2.- ADOPCIÓN DE ACORDOS EN RELACIÓN COA OBRA NA EN-555, PARROQUIA DE VILAR DE INFESTA.-

##### ANTECEDENTES.-

Proxecto do Ministerio de Fomento, Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, en relación á obra "MELLORA DO TRAZADO, AMPLIACIÓN DE PLATAFORMA E REORDENACIÓN DE ACCESOS", na Estrada Nacional 555.

#### VOTACIÓN E ACORDO.-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as presentes, sendo seis votos a favor (4 do PSdeG-PSOE e 2 do B.N.G.), ós efectos dun mellor desenvolvemento do mesmo, acorda solicitar da Administración promotora, o seguinte:

Primeiro.- Que se eliminen as medianas previstas no mesmo.

Segundo.- Que se eliminen as vías de servizo para a súa transformación en aparcamentos e zonas de seguridade.

Terceiro.- Que, dentro do posible, se teñan en conta as peticións dos veciños afectados, relativas ás construcións dos peches das fincas e reversión de terreos, no seu caso.

Cuarto.- Que se adopten as medidas oportunas para garanti-la seguridade vial mediante unha axeitada rede semafórica.-"

#### INTERVENCIONS.-

O Sr. Bastos Fernández dí que este acordo da Xunta de Goberno Local traese ao Pleno do Concello somente para quedar ben o Alcalde, e poñerse medallas, por canto o mérito é dos veciños que estiveron loitando na rúa, mentras o Sr. Alcalde non se sabe onde estaba.

O Sr. Alcalde replícalle que a estas alturas pasa de medallas, e que o que estaba facendo era xestionar con Fomento e a Subdelegación do Goberno para procurar resolver os problemas que se derivan do proxecto do trazado, e que trae o acordo da Xunta de Goberno para que o Concello Pleno lle de consistencia e o ratifique.

O Sr. Pazos Couñago manifesta que lle sorprende que o Sr. Alcalde diga que se trae un acordo doutro órgano de goberno para darlle consistencia, e se pregunta porque se está hoxe votando este acordo cando fai meses que tiña que haberse feito. Por último dí que cando se presenten por outras administracións públicas proxectos que afecten ás comunidades veciñais debe dárselle conta tanto a elas como aos grupos da oposición.

O Sr. Pazos Docampo dí que estando exercendo as funcións de Alcalde Acctal., comprometeuse cos veciños de levar o asunto a Pleno, por iso, unha vez coñecido e estudado o proxecto do trazado, traese o acordo adoptado pola Xunta de Goberno para pronunciamiento do Concello Pleno.

#### VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as asistentes, sendo vinteun votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 8 do PP, 3 do B.N.G. e 2 do PG), ratificou o acordo anteriormente transcrito.-

#### 7.3.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Polo Sr. García-Luengo Montero, como concelleiro do Grupo Municipal do Partido Galeguista, fórmulanse as seguintes preguntas:





(Sinatura do Presidente)

Folio N.º .....

102

Serie A N.º 1483585

1.- Que autorizou a colocación do cableado da empresa privada "R" nas fachadas de varios edificios de vivendas do municipio de Redondela?"

Respóstalle o Sr. Alcalde que iso teñen que preguntárllo aos donos dos edificios que son os que teñen que dar o consentimento.

2.- Algún membro da Corporación con dedicación exclusiva percibiu nalgún momento retribucións doutras Administracións Públicas?"

Respóstalle o Sr. Alcalde que esa pregunta debería facérllela aos afectados; que non se pode percibir soldo de dúas administracións públicas, pero que son compatibles soldos e dietas.

3.- ¿Cando o Partido Galeguista disporá de despacho no Concello, prometido polo Sr. Alcalde fai tres meses, e dos buzóns para os concelleiros do Grupo?"

Respóstalle o Sr. Alcalde que cando se fagan as obras para adecuar os espazos necesarios.

4.- ¿En que fase de tramitación se atopa o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello?"

Respóstalle o Sr. Alcalde que fale co voceiro do seu grupo político que está perfectamente informado deste asunto polo concelleiro de urbanismo.

5.- ¿Por qué non se convocan reunións ordinarias do Patronato do Conservatorio segundo se establece nos estatutos?"

Respóstalle o Sr. Alcalde que cando comence a funcionar o Patronato.

6.- ¿Cal e o horario de entrada e saída no Concello dos membros do Goberno Municipal con dedicación exclusiva e, si o consideran suficiente para atender ás demandas dos cidadáns?"

Respóstalle o Sr. Alcalde que temos dedicación durante as 24 horas do día, e que polas mañáns entran cedo e permanecen ata as 2 ½-3 da tarde.

Polo Sr. Pazos Couñago coomo concelleiro do Partido Popular fórmulanse os rogos e preguntas seguintes:

1.- Con motivo da celebración das festas parroquiais de O Viso, cursouse pola Comisión de Festas invitación ós distintos membros da Corporación Municipal a fin de participar na Procesión que conmemoraba tal evento, sin que tal invitación fora cursada ós concelleiros do Partido Popular. PREGUNTA: ¿Por qué non se deu traslado de dita invitacións ós membros do Grupo Municipal do Partido Popular?"

Respóstalle o Sr. Pazos Docampo que a invitación formulouse estando el exercendo as funcións de Alcalde Acctal. e que non deu traslado da mesma porque debe existir unha separación de poderes Estado-Iglesia, e que é unha actuación que manterá sempre que exerza as funcións de Alcalde.

O Sr. Pazos Couñago dí que se deben trasladar a invitación por pura cortesía e que será o grupo político o que decida ou non a asistencia.

O Sr. Alcalde dí que poden asistir, pero non en corporación.

2.- Dase por reproducido como rogo o texto que figura no apartado 7.2, punto 7.2.2.

O Sr. Alcalde dí que se está a facer e que se solicita no rogo.



3.- Considerando que como consecuencia da execución das obras de beirarrúas no centro urbano da vila e como consecuencia das mesmas, se eliminaron as prazas de aparcamento destinadas ó uso de conductores minusválidos, ocasionando un grave perxuízo ós potenciais usuarios destas prazas de estacionamento, que viron considerablemente aumentadas as dificultades que sufren cando teñen que realizar calquera xestión que lles resulte necesaria, e entendendo que é obriga desta Corporación mostrar unha especial sensibilidade hacia os problemas dos discapacitados, ROGO

Que se proceda á creación de prazas de estacionamento para discapacitados nas inmediacións da Casa do Concello.”

4.- Considerando a situación de extremo perigo que están sufrindo os escolares na parada de autobús sita en As Cardosas, a que carece de paso de peatóns que posibilite a nenos e demais veciños a través adecuada e sen perigo a Nacional 55º, e entendendo que a solución a dita problemática deba ser rápida e sinxela, ROGO:

Que se proceda á creación dun paso de peatóns en As Cardosas para garantir a seguridade dos veciños e escolares.”

Respóndalle o Sr. Alcalde que a N-550 é da titularidade do Estado, correspondendo a competencia nesta vía ao Ministerio de Fomento, por iso se teñen celebrado con representantes deste organismo numerosas reunións para resolver o problema, o cal se ten, asimesmo, plantexado por escrito.

O Sr. Reguera Ocampo incide no indicado polo Sr. Alcalde e dí que incluso se ten solicitado a instalación dun grupo semafórico

O Sr. Alvarez Ballesteros, na súa condición de Concelleiro do Partido Popular, formula as seguintes preguntas:

1.- Visto que o equipo de Goberno do Concello, a través da prensa e do Consello parroquia de Chapela, anuncio a expropiación da entrada a Cidadelle co seu orzamento correspondente así como os orzamentos para a urbanización da rúa Cubillón e a conexión entre Pousadoura e Catro Pontes.

Tales afirmacións estando recollidas nas actas do Consello Parroquial de datas: 6 de abril de 2005, 10 de novembro de 2005 e 20 de marzo de 2006.

E publicadas na prensa local (Faro de Vigo) con datas: 22 de xullo de 2005, 7 de setembro de 2005 e 22 de novembro de 2005.

Sendo estas unhas reivindicacións que incluso veñen de moitos anos atrás das datas antes nomeadas, e desexando que de novo non queden en promesas electorais, formulo as seguintes preguntas:

¿En que estado se atopan as obras en cuestión?.

¿Para cando van dar comenzo as mesmas?.

Respóndalle o Sr. González Iglesias que non hai ningún tipo de reivindicación, senón que se trata dunha proposta do equipo de goberno.

Con respecto ao camiño do Cubillón dí que existe un contencioso con RENFE e que cando se resolva acometerase a actuación.



NUMERADO  
OPERACIONES  
LOCAIS

(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º .....



*[Handwritten signature]*

Serie A N.º 1503902

Acerca da entrada a Cidadelle, dí que se pecharon acordos con dous propietarios máis e que se está en espera do Vº Bº do redactor do Plan Xeral.

2.- Por mor da nova sinalización dos camiños e rúas do Concello estanse a crear, agás dos problemas lóxicos que esta situación crea nos veciños, nos carteiros, repartidores, ..., unha situación de grande confusión nalgúns barrios. Tales problemas nalgúndos casos estanse a crear provocados pola mala ou incorrecta sinalización que se está a facer pola falta de seriedade e profesionalidade das persoas encargadas a tal efecto e pola falta de seguimento, por parte do Concello, da persoa ou persoas responsables desta área.

Como exemplo de erros este grupo municipal failles saber: que os camiños do barrio de A Lamosa están co indicativo de Bº de Trasmañó, cando este último é parroquia e non barrio. O camiño do Canaval en Cidadelle ten o letreiro xusto onde en teoría remata o camiño e non vive ninguén en vez de estar no cruce co camiño Cocheras que é onde están as vivendas, ROGO

Polo tanto, que se adopten medidas urxentes para a total revisión da sinalización dos camiños e rúas do Concello, co obxecto de evitar a confusión e poder poñer en vigor as novas direccións."

Pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as vintedúas horas e cincuenta e tres minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se estende a presente acta, que se inscribiu no Libro dende o folio núm. 94 do Papel Timbrado da Comunidade Autónoma de Galicia, Serie A nº 1483577 ata o folio núm. 103, Serie A nº 1503902, de todo o que, como Secretario, DOU FE.-

O ALCALDE

*[Handwritten signature]*

XAIME REI BARREIRO

O SECRETARIO ACCTAL.

*[Handwritten signature]*

BERNARDO SOTO LÓPEZ